# ALOUMIÑOS

ESPECIAL
BICENTENARIO
DA BATALLA DE
PONTE SAMPAIO




**Nº 24 - Ano XVIII - CEIP de Ponte Sampaio 2009**

# Sumario


Portada .................................................................. 1
Sumario .................................................................. 2
Liminar .................................................................. 3
Carta da Conselleira .................................................. 4
Carmela cóntanos ...................................................... 5
A Batalla de Ponte Sampaio .......................................... 6
Poema do Bicentenario ................................................ 7
A lenda do cañón de pao .............................................. 8
Día da Constitución ................................................... 11
Cantar de cego ........................................................ 12
Apuntes para unha reflexión ........................................ 13
Entroido universal ..................................................... 14
Gustaríache facer unha mascarita?................................. 15
Charles Darwin ........................................................ 17
Día Internacional da Muller .......................................... 18
Galileo e Amstrong .................................................... 20
Día da árbore .......................................................... 21
Edgar Allan Poe ....................................................... 22
Cumpren 80 anos ...................................................... 23
Acampada de 3º e 4º .................................................. 24
Contos amorosos ...................................................... 26
Caderno dos soños .................................................... 27
Visitáronnos e agasalláronnos ..................................... 30
Campaña escolar de educación viaria ............................ 31
A miña rúa ............................................................. 32
Día das Letras Galegas 2009 ....................................... 33
Programación cultural ................................................ 36
Adiviñas e máis cousas................................................ 37
Pequenos lectores ..................................................... 38
Fomos noticia .......................................................... 39
Animals ................................................................. 41
Educación Infantil ..................................................... 42
Para aprender .......................................................... 45
Contraportada .......................................................... 47
A Voz do Verdugo (Suplemento) ................................... 48


O Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística manifesta que algúns traballos presentan incorreccións lingüísticas propias das idades dos alumnos/as.
Aínda sendo comentadas e explicadas polo profesorado responsable, non foron correxidas, respectando na maioría dos casos a presentación orixinal.

E.N.D.L.

Cúmplense 200 anos dun episodio histórico trascendental no contexto da Guerra da Independencia en Galicia: a Batalla de Ponte Sampaio.

Durante os días 7 e 8 de xuño soldados e milicianos enfrontáronse ás poderosas tropas francesas, comandadas polo mariscal Ney.

Cómpre, en data tan sinalada, adicar este número especial da revista escolar ALOUMIÑOS a tal acontecemento, como recordo e homenaxe ao valor e sacrificio dos homes e mulleres combatentes, de ambos bandos.

Como cada ano, os traballos que se recollen nestas páxinas son unha mostra das actividades realizadas ao longo do curso por alumnado e profesorado do CEIP de Ponte Sampaio.

Saúde e paz, queridos lectores e lectoras.



XUNTA DE GALICIA
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria



Laura Sánchez Piñón

Santiago de Compostela, 26 de novembro de 2008

Benqueridos profesores,

Quixera transmitirlles os meus parabéns e o meu recoñecemento ao importante labor educativo, social e cultural que o CEIP Ponte Sampaio está a desenvolver, particularmente durante este curso, con motivo do bicentenario dunha das batallas máis relevantes da historia de Galicia.

A Educación ha de atender ás necesidades da sociedade do presente e tamén contribuír a achegar a historia aos máis novos, cunha visión lúdica, didáctica e participativa.

Quero, pois, aproveitar esta carta para agradecer ao equipo directivo e ao claustro dese centro o seu esforzo, orixinalidade e interese por unirse ao aniversario dun feito histórico acontecido hai dous séculos, como é a Batalla de Ponte Sampaio, unha das maiores proezas de Galicia na Guerra da Independencia.

Dende a Consellería de Educación apoiamos a iniciativa que están levando a cabo e que sen dúbida contribuirá a incrementar o coñecemento do noso legado histórico no ámbito escolar e tamén fóra das aulas.

Reciban un cordial saúdo.


CARMELA
CONTANOS
A BATALLA DE PONTESAMPAIO
DESPOIS DE ATACAR O PORTO AS TROPAS FRANCESAS VOLVERON A GALICIA
¡QUE BEN! MARCHOU SOULT XUNTO OS BRITÁNICOS.
NON TE EMOCIOES MULLER, QUE VAI VIR NEY A REALIZAR UNHA BATALLA AQUÍ EN PONTE SAMPAIO.
CHEGARON OS FRANCESES E... ¡QUE VIRON!, A PONTE ESTABA CORTADA.
¡OH!
¡OH!
UNHAS BARCAS LANZABAN BALAS DENDE UNS CANÓNS DE PAU, INVENTADOS POLOS GALEGOS.
TAMÉN HABÍA XENTE DENDE A BATERÍA, TIRANDO PEDRAS.
OS FRANCESES EMPEZABAN A AFOGARSE.
¡SOCORRO!
ISO, LISCADE PARA FRANCIA
E POR FIN, PONTE SAMPAIO VENCE NA BATALLA CONTRA OS FRANCESES.
por María


A BATALLA DE PONTE SAMPAIO
Día 6 de xuño
Os galegos esperan nos seus postos despois de cruzar o río en barcos.
Día 7 de xuño
Chegan os franceses á ponte.
Pam
Pum
¡Fogo!
¡A Ponte está rota!
Durante os días 7 e 8 estiveron loitando.
Estou ferido
¡Disparen os canons!
Bang
Día 8 de xuño
Os franceses recoñecen a súa derrota.
¡Retirada!
Día 8 de xuño
Os galegos gañan a batalla.
Os franceses marchan! ¡Victoria!
O monumento aos héroes de Ponte Sampaio recorda esta gran batalla.
N. Caballeiro

# POEMA DO BICENTENARIO

Hai 200 anos
pasado o mes de maio
á beira do Verdugo
a de Ponte Sampaio.
Miraban aquela loita
Os
As
e tamen algunhas
Os eran amigos.
e non podían entender
que toda aquela
Tivese que morrer
As berraban:
Levadeos ben"
Os dician:
Parade! STOP Xa está ben!
A
rematou
todos celebramos o bicentenario
Esta data hai que marcala.
ben GRANDE no calendario

## LENDA

Rio
Batalla
gaivotas
parrulos
troitas
animais
xentes
gaivotas
paxaros
STOP parade
batalla

Alumnado de 1º

Do traballo *"**Bicentenario da Batalla de Ponte Sampaio**"*
*Premio "Alfredo García Alén" do Museo de Pontevedra*
*6º Curso de Primaria*

# A LENDA DO CAÑÓN DE PAO

Conta o señor Pego Arca que, cando os franceses invadiron Galicia, arrasando todo por onde pasaban, matando, queimando e destrozando... no ano de 1809, dous primos frades: P. XOAN PEGO FONTEDLOS E P. ANTONIO ESCARIZ PEGO, con axuda dun capitán ou tenente, reclutaron ós paisanos que puideron en Cotobade e cercanías coa fin de lle facer fronte os franceses en PONTE SAMPAIO e reunidos cos paisanos do Sul da Ponte, CORTÁRONLLE O ÚLTIMO ARCO, facendo unha barricada en fronte da Ponte e colocando nela un CAÑÓN feito dun CARBALLO PERFORADO e cargado de METRALLA, e construíron varios cañóns da misma madeira dispoñendoos pola dehesa para facer retroceder ós franceses cando pretendesen vadealo río. Así preparados e parapetados esperan a que cheguen os franceses;

Chegan os franceses, entran na Ponte, atopan o arco cortado e, uns caen ó río, a outros os esnaquiza a metralla do canón que se dispara dende a barricada,

e os restantes tratan de vadealorío, entran na auga e entón foi Troya: abren lume sobre eles os demais cañóns que estaban pola dehesa colocados con anterioridade e tamén se abre lume coa fusilería e as escopetas de chispa, de tal maneira que se lles deu a gran malleira ós franceses, algúns fuxiron en retirada cara Pontevedra, pero os paisanos os esperaban agachados tralos valados e muros, "PARA SORPRENDELOS como a coellos...".

Don Xosé Vilas, natural de Cuntis, conta que lle escoitou á súa avoa Antonia e máis ó seu tío Xosé da Fonte, ambos contemporáneos da GUERRA DA INDEPENDENCIA, que os campesiños das terras cercanas a PONTE SAMPAIO, tiñan construído un CAÑÓN DE BUXO para defenderse contra os franceses.

Na casa de D. GREGORIO GARCÍA CORDEIRO, xuíz Merino de Cotobade existiron dúas balas de ferro macizo, que se dicía, eran das que se empregaran no cañón de pau. Delas unha estraviouse e outra, parece ser, que foi remitida a Pontevedra para ser conservada no MUSEO ARQUEOLÓXICO.

Esta Lenda, pode ter certa base histórica, polo feito de que ós habitantes de Cotobade se lles coñece como os do CAÑÓN DE PAO. No mesmo selo oficial do Concello de Cotobade, aparece, no medio un cañón grabado, para perpetuar sen dúbida o privilexio que lle foi concedido polas CORTES DE CÁDIZ de poder empreñar no seu escudo trofeos DA GUERRA DE 1809




COTOBAD

Óscar

Óscar Díaz Suomela

# 6 de Decembro
## Día da constitución

Centos e centos de HEROES loitaron
Onte, agora e SEMPRE...
Na nosa GALICIA, na nosa ESPAÑA.
Sentiron o aceiro por NÓS, por
Ter algunha ESPERANZA de
Independencia... CONSTITUCIÓN
Temos a OBRIGA de seguir
UNIDOS facendo ESFORZO.
CONSTRUÍNDO entre todos.
IDEAS,
OPINIÓNS
Necesarios para a

CONVIVENCIA COTIÁ



# CANTAR DE CEGO

*Miñas donas, meus señores*
*achéguense a este lugar.*
*Veñan, vaian vindo,*
*a sesión vai comezar.*

*É o cego Casimiro*
*este que me acompaña,*
*escoiten o que vai contar,*
*que niso ten moita maña.*



Moitas grazas Todomiro,
meu amigo e acompañante.
Estas novas que vos digo,
contan polo mundo adiante.

Os exércitos franceses
cobizaban toda Europa,
e viñeron a Galicia
Soult e Ney con toda a tropa.

Os franceses, ao primeiro,
sen moitas dificultades,
ocuparon pola forza
as cidades importantes.



Mariñeiros e labregos,
vendo as xentes estranxeiras,
axiña se organizaron
pra defensa destas terras.

E nas vilas e parroquias
formáronse as alarmas,
dispostas a combatir
con toda clase de armas.

Comezaron as victorias
das  milicias populares,
que acudían a combate
coas tropas regulares.

Ney e Soult non aturaban
a estratexia dos galegos.
Decidiron atacar
e dar un bo escarmento

O que vou contar agora
pasou en Ponte Sampaio,
se non é certo o que digo
a este que o parta un raio.

Estaba a ponte cortada
e, con gran dificultade,
prepararon a defensa
na riberira de Arcade.

Era o mes de San Xoán,
nos días sete e oito,
os intentos dos franceses
non lles deron ningún froito.

Ao raiar o día nove,
vendo a tropa destragada,
o valente mariscal
ordenou a retirada.

Foi sonada esta victoria,
segundo temos noticia,
pois os soldados franceses
abandonaron Galicia.

Estas grandes batallas
quedan gravadas na historia,
para que non se repitan
debemos facer memoria.

Pido a Deus este desexo
no remate do cantar:
**¡Os galegos e os franceses**
**Vivamos sempre en paz!**

*2º ciclo*
*Festival Fin de Curso*

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
MVSEO DE PONTEVEDRA



MUSEO DE PONTEVEDRA

**APUNTES PARA UNHA REFLEXIÓN**

Non é fácil valorar na súa xusta medida desde hoxe, douscentos anos despois de terse producido os feitos, o que supuxo o enfrontamento coas tropas francesas os días 7 e 8 de xuño de 1809 en Ponte Sampaio. As nosas preocupacións actuais, froito dun contexto sociopolítico moi diferente, fan difícil esa tarefa. Unha lección, en todo caso e por moi distantes que se nos aparezan os acontecementos, despréndese con claridade desa batalla: o valor, a forza imparable do sentimento, da mobilización popular, fronte a unha situación imposta, considerada maioritariamente inadmisible por inxusta.

Hoxe sabemos tamén, ao poder xulgala con suficiente perspectiva, que a batalla de Ponte Sampaio, sempre tan ponderada, sobre todo na esfera local, foi algo máis que un cruento episodio bélico: foi así mesmo, como os máis solventes estudos teñen demostrado cumpridamente, o fito que marcou o fin da ocupación militar francesa de Galicia, unha situación que para a totalidade de España só acabaría producíndose en 1814, cinco anos máis tarde. Eis, pois, un dato máis que engadir –e non menor, sen dúbida- á poderosa significación dunha xesta da que todos, á marxe da nosa formación e das nosas convicións, temos algo que aprender.

Pontevedra, marzo de 2009
XOSÉ CARLOS VALLE PÉREZ
Director do Museo de Pontevedra

Rúa Pasantería 2-12 - Apartado 104 - 36002 Pontevedra (España)
T. + 34 986 8851455 - 986 843238 F. + 986 840693
secretaria@museo.depontevedra.es . www.museo.depontevedra.es

# ENTROIDO UNIVERSAL 2009



O día 20 de febreiro celebramos no Colexio a festa do entroido ¡Tivemos unha sorpresa moi gande! Viñeron de invitados o a e as .

As como están tan altas no ceo, enteráranse de todo e sabían un segredo: que a estaba namorada do , pero... ¡era un amor imposible porque nunca coincidían e non falar entre eles! Entón as que eran moi pillas idearon un plan. Convenceron a para viñese disfrazada o noso entroido. Por outra banda fixeron o mesmo co . Sen saber un do outro o e a apareceron disfrazados no festival. Aquí coñecéronse, falaron, gustáronse e namoráronse, e prometeron que invitarían a súa voda a todas as do universo e a todos os nenos e nenas do Colexio de PONTE SAMPAIO

Andrea Laís Claudia Roberta
Aarón Dunia Nicolás Anxo
2º CURSO

# ¿GUSTARÍACHE FACER UNHA MASCARITA?

Para iso necesitaremos: cola de empapelar, papel de periódico, papel de seda, papel continuo, tesoira e porsuposto unha caixa.



① Primeiro, extende cola na caixa e pégalle tiras de papel de periódico para facela máis consistente. Pon as tiras superpostas nas diferentes capas



② Despois, coa mesma técnica, cubre con tiras de papel de seda para darlle a cor que máis che guste para a cara



③ **De seguido** debuxa e recorta, a **boca**, o **narie** e máis detalles e os pegas. Xa tes a cara feita ó teu gusto



④ **A continuación** cunhas tesoiras e papel continuo faslle o pelo (se queres o podes rizar coas tesoiras)



⑤ **Para rematar**, con papel, podes facerlle un vestido ou camisa








(Nerea 6º)

# *Charles Darwin,o pai da bioloxía, cumpre 200 anos*




Celébranse dous séculos do nacemento do naturalista inglés Charles Darwin, considerado o "pai da bioloxía moderna" e, en novembro, cumpriranse 150 anos da publicación da súa obra mestra :"**A orixe das especies**"

*"Que o ser humano é unha creación divina; que descende de Adán e Eva; que a súa orixe non ten nada que ver coa dos animais".*

Estas crenzas, que ata principios do século XIX eran unha verdade incuestionable, puxéronse en dúbida cando a un naturalista inglés de 50 anos ocorréuselle publicar, en 1859, unha obra que denominou "**A orixe das especies".**




Charles Darwin, o naturalista en cuestión, causou unha revolución na sociedade de entón -profundamente relixiosa-, ao afirmar no seu libro que o home non era unha creación divina, senón simplemente outro animal que evolucionou a través do tempo.

## A evolución das especies



Darwin cría que toda a vida na Terra evolucionou durante millóns de anos a partir duns poucos ancestros comúns, ata chegar ás especies que hoxe poboan o planeta.
A súa tese -que foi probada e tamén revisada- explica como como numerosos cambios na información xenética dos organismos dan lugar á evolución, en combinación con factores ambientais.

*5º curso*
*Aula de Informática*

# 8 DE MARZO DO 2009

# Día internacional da muller

Miña nai traballa moito todo o día e sen parar.

Traballa moito, porque fai tódalas tarefas da casa é ainda sae a traballar en dous traballos máis: Fai a comida, lava os pratos, varre, pasa o aspirador, fai a súa cama, lava o coche, e aínda traballa no mar co meu pai e tamén traballa "na de Susana" cosendo e planchando.

QUERO AGRADECERLLE
Á MIÑA NAI
TODO O QUE FAI
POR MIN E POLO MEU PAI

Jessy 6º

# 8 de marzo do 2009

# Día Internacional da Muller

A miña nai traballa todo o día,
nunca descansa, para abaixo..., para arriba...

Dende as cinco ata as tres,
traballa vendendo, dez horas, de pé.

Fai a comida cando chega á casa
e, a pobre, sempre acaba rebentada.

Ó rematar de comer: frega a louza,
barre, limpa, pasa o ferro, lava a roupa...

Andrea 6º

# 400 ANOS DA INVENCIÓN DO TELESCOPIO



Se cumplen 400 años de la invención del telescopio, momento histórico en que **Galileo Galilei** creo un telescopio casero, de 8 aumentos, para demostrar a las autoridades de Venecia el poder de tal instrumento para el estudio de los secretos del Cosmos.
El telescopio develó, desde la Antiguedad, muchísimas estrellas y fenómenos que eran demasiado débiles para el ojo humano, iniciándose así la Astronomía moderna.
La Asamblea de las Naciones Unidas declaró a 2009 como Año internacional de la Astronomía, a raíz de los 400 años del telescopio de Galilei.

El físico y astrónomo italiano **Galileo Galilei** (1564-1642) sostenía que la Tierra giraba alrededor del Sol, lo que contradecía la creencia de que la Tierra era el centro del Universo. Se negó a obedecer las órdenes de la Iglesia católica para que dejara de exponer sus teorías, y fue condenado a reclusión perpetua.
En la historia de la cultura, **Galileo** se ha convertido en el símbolo de la lucha contra la autoridad y de la libertad en la investigación



*En la imagen, dos telescopios de Galileo conservados en el Museo de Historia de la Ciencia de Florencia.*

## NEIL ARMSTRONG ANDOU POLA LÚA



Fai exactamente 40 anos a carreira espacial lograba a concreción, tras varios intentos fallidos, dun fito fundamental: a primeira aluaxe.
O Apollo 11 foi enviado ao espazo o 16 de xullo de 1969 desde Cabo Kennedy, en Florida (EEUU) e foi o encargado de enviar aos primeiros astronautas cara á Lúa. A tripulación do Apollo 11 estaba composta polo comandante Neil A. Armstrong, o piloto do módulo lunar Edwin E. Aldrin Jr. e o piloto do módulo de mando Michael Collins.
Ás 15:17 do 20 de xullo de 1969, tempo de Houston, esta pousado sobre a superficie do noso satélite.

Neil Armstrong converteuse no primeiro ser humano que pisou a lúa ao Sur de Mare Tranquilitatis (Mar da Tranquilidade). As súas primeiras palabras ao sentar pé no noso satélite**, "Este é un pequeno paso para un ser humano, pero un brinco xigante para a humanidade"** foron transmitidas á Terra e escoitadas por millóns de persoas.
Os astronautas do Apollo recolleron rocas lunares, sacaron miles de fotografías e colocaron instrumentos na lúa que enviaron información á Terra por telemetría de radio. Había unha gran euforia.
O 24 de xullo, os tres astronautas amerizaron en augas do Océano Pacífico pondo fin á misión.

*5º curso - Aula de Informática*

# DÍA DA ÁRBORE

O día 21 de marzo celébrase o día da ÁRBORE e o alumnado do 3º Ciclo realizamos diversas actividades para conmemorar este día.







- Recollemos follas das ÁRBORES do patio.
- Fixemos unha ficha técnica de cada un.
- Traballamos o poema de Tagore "EL ÁRBOL"
- En taboiñas de madeira, que trouxo Sergio, poñémoslle os nomes e colgámosllas a cada ÁRBORE.

¡Esperemos que non llas saquen!

FOI UN BONITO TRABALLO

# BICENTENARIO DO NACEMENTO DE

# EDGAR ALLAN POE



**Edgar Allan Poe** (1809-1849), escritor, poeta e crítico estadounidense, máis coñecido como “o primeiro mestre do relato curto”, en especial de terror e misterio.

Os seus contos foron levados ao cine unha e outra vez e aínda que quizais creades que non coñecedes ningunha das súas historias, seguramente máis dunha historia vista en televisión ten a súa orixe nun relato de Poe.




A vida deste escritor estadounidense é case tan estremecedora como moitos dos seus relatos. Sempre desexou ser poeta, era o seu máximo anhelo, pero as necesidades económicas conducírono á prosa.

Aínda que non podemos dicir que fose o creador dos relatos de medo foi un mestre na súa arte e foi quen iniciou a novela policiaca. O seu relato **'O escaravello de ouro'** (1843), que trata da procura dun tesouro enterrado, é boa proba diso.



Edgar Allan Poe viviu unha vida tortuosa marcada pola dor, dor que nacía da súa alma melancólica e depresiva e que intentou acougar mediante as drogas e o alcohol. Por suposto, non só non o conseguiu, senón que logrou perderse para sempre nalgún recuncho escalofriante dos nacidos da súa mente.

Morreu con tan só 40 anos e deixounos páxinas e páxinas de horror, impregnadas na súa suor alcohólica e o seu sangue envelenado.

O tío de Poe declarou á súa morte:

*“coñecera tanta dor e tiña tan poucos motivos para sentirse satisfeito coa vida, que este cambio apenas pode considerarse unha desgraza”*

Algúns dos seus títulos máis coñecidos son, ademais do xa citado:

***"O gato negro", "Os crimes da rue Morgue", "A máscara da Morte Vermella", "Manuscrito atopado nunha botella", "Ligeia" e "O pozo e o péndulo".***

# CUMPREN 80 ANOS



## O mariñeiro Popeye




Un 17 de xaneiro de 1929 "naceu" aquel home de incrible queixada e dúas áncoras tatuadas nos seus musculosos brazos. Este personaxe era **Popeye,** un heroe de historieta que cumpre 80 anos convertido no símbolo da liberdade do mariñeiro sanguíneo, pleitista e malfalado.

O noso querido mariñero naceu nun xornal neoiorquino, como comedor compulsivo de espinacas, que lle dan unha forza sobrehumana, pipa permanente, antebrazos imposibles e cun ollo máis aberto que o outro.

**Popeye** sempre aparece acompañado dunha interesante fauna:



Olivia



Pilón



Brutus



Cocoliso

## Tintín, o reporteiro máis famoso

O dez de xaneiro de 1929 un intrépido reporteiro fixo a súa primeira aparición pública nas páxinas infantís do semanal belga, *Le Vingtieme Siecle*, e desde entón, este xornalista que non é outro que **Tintín**, ven divertindo a varias xeracións coas súas aventuras, acompañado de personaxes como seu inseparable **Milú,** o capitán **Haddock**, os detectives **Hernández** e **Fernández** (*Dupont et Dupond* no orixinal) ou o profesor **Tornasol** mentres percorría África, América ou chegaba á lúa.



En 1930 publícase o primeiro álbum, *Tintín no país dos soviets,* e desde entón e ata a morte do seu autor, en 1983, foron editados máis de vinte volumes.

O seu creador, **George Remi**, coñecido como **Hergé,** é toda unha institución en Bélgica, onde o mundo da historieta ten un destacado lugar na cultura. **As aventuras de Tintín** foron traducidas a máis de oitenta idiomas e foi adaptado ao teatro, os videoxogos ou a televisión e témese -ou espérase- unha adaptación ao cine por parte de **Steven Spielberg**, en forma de triloxía.

*5º curso*
*Aula de Informática*

# A acampada de 3º e 4º

A pasada semana as nenas e os nenos de 3º e 4º estivemos de cámping durante tres días. Tres días sen cole, tres días sen deberes, tres días sen madrugar, tres días nos que tamén iamos aprender moitas cousas.

Marchamos o martes pola mañá. Coma sempre chegamos dos últimos. Despois das despedidas dos nosos pais, algunhas delas bastante tristes (e iso que eran so tres días), pasamos a ocupar os nosos dormitorios e a coñecer ás nosas monitoras: Yure e Irene. Tamén estaba por alí o profe Raúl.

Marchamos de excursión ao monte e despois de comer estivemos na praia. Ese mesmo día fixemos un paseo nocturno e, ao regresar, quedámonos rendidos na cama.
O mércores volvemos á praia onde fixemos xogos, construímos cabanas e rematamos de novo rendidos na cama.
O último día, aparte de estar de novo na praia, preparámonos para a volta á casa.





Durante estes tres días coñecémonos un pouco mellor. Pablo, Kevin, Judit, Alex e todos os demais somos un pouco máis amigos. Estivemos vivindo xuntos sen os nosos pais durante uns días, seguindo unhas normas e, sobre todo, pasándoo "pipa".

O venres todos volvemos á rutina.

Cando chequei á casa, o meu pai chamou "danos colaterais" ou "baixas previstas" a que me faltaran 3 calcetíns, que destrozara unha lanterna e que trouxera unha camiseta de máis.












*Alumnado de 3º e 4º curso*

# No Día do Libro

23 de abril do 2009




- PRESENTAMOS, cada un de NÓS, o libro que escribimos para a nosa ESCOLMA: "CONTOS AMOROSOS".

- EXPUXEMOS os LIBROMÉTRICOS con tódalas nosas LECTURAS.

- VOTAMOS ós "MELLORES LIBROS" deste curso. O que máis votos acadou foi o de AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ: "O ÚNICO QUE QUEDA É O AMOR".

# CADERNO DOS SOÑOS

Nunha melancólica tarde
na que o xeado sol carmesí se poñía
disfrazábase de escuro acibeche
a clara e divina luz que alí ardía.

Meu noble e indeciso corazón
de turbio amor palpitaba
por unha muller que me enmeigaba
alí sentada, como se non pasara nada..

Inquebrantable, é a profunda
lei dos meus soños,
é coma un hostío arcoiris sombrío
coma a separación da terra e a lúa,
turbia auga cristalina.
esa lei é o AMOR.

Óscar 6º curso

# XA NON TE QUERO

- Un día vinte no parque,
  e sentín o meu corazón latir moi forte,
  ese día non puiden durmir pensando en tí,
  e aínda hoxe, que fai dous anos que non te vexo,
  non deixo de quererte.

- Esos dous anos foron como douscentos para min.
  Quérote tanto.. que non consigo esquecerte,
  aínda que o intente, non podo, meu amor..
  Se volveses conmigo e me perdoases...

- Miña vida sen tí, non é nada.
  Sinto un vacío dentro de min
  que so tí poderás encher..
  CARIÑO, eu só te quero a tí.

- Volve conmigo,
  por favor cho pido,
  se volves amor,
  non sentiremos máis dor.



- Quero que me queiras,
  quero que me ames,
  recordo o día que nos presentamos:
  aquel día frío polas escuras rúas.

- Ti me dixeches que te chamabas Raquel
  eu díxenche que me chamaba Manuel,
  eu gustábache, tí gustábasme,
  pero non me dixeches que te casabas.

- Paréceme que xa non te quero,
  paréceme que xa non te amo,
  dende aquel día de inverno.
  XA non me importas nin o mínimo nin o máximo...

Andrea García Barreiro 6º curso

## ANA



- Contigo aprendín a soñar
contigo aprendín a chorar
contigo aprendín a sufrir
ti ensináchesme a vivir
- Eras, eres e serás
meu exemplo a seguir
a túa forza e valentía
axudáronme a ser feliz
- Con ser a pequena
déchesme moitas leccións
contigo ó meu lado
éramos as mellores
- Agora non estás
pero segues conmigo
falo... e me escoitas
cando te necesito
- Quíxente, quérote
e sempre, sempre te querrei, ANA.

## SARA, NEREA E EU

- Sara e Nerea
son as miñas
mellores amigas
desde pequeniñas
- Estudamos xuntas
no mesmo colexio
e xogamos xuntas
durante o recreo



- Xaneiro, febreiro, marzo...
tódolos meses, durante moitos anos
tres amigas
para sempre unidas.
- Cando estas tres amigas
deixan de sorrir
o mundo para min
deixa de existir



## VISITÁRONNOS E AGASALLÁRONNOS CO SEU TALENTO ...

A forza expresiva dos debuxos de **Pepe Carreiro**




A sensibilidade literaria da escritora **An Alfaya**



# Campaña escolar de educación viaria 2008/09

Co obxecto de impulsar e fomentar a educación viaria entre o alumnado dos colexios de Pontevedra, a Policía Local do concello organiza cada curso unha campaña dirixida aos nenos e nenas de 5º de Primaria que inclúe charlas, obradoiros e concursos destinados a premiar os mellores traballos en calquera dos ámbitos da seguridade viaria.

- **Concurso mensaxes SMS curtos**

Traballos premiados do CEIP de Ponte Sampaio:

**Os Reis Magos seguen a estrela,**
**¡Segue tí os sinais da carretera!**

María Lago Bernardez



**Neste nadal, que non te confundan as luces de cores "cruza en verde".**

Patricia Barreiro Cima

**¡Coidado! no Nadal**
**e controla o pedal.**

Paula Bouzón Pérez

**Conducindo neste nadal**
**deixa, no peto o móvil soar.**

Santi Vigo Seoane

- **Concurso redacción de cartas**

Traballo premiado do CEIP de Ponte Sampaio:

**Ponte Sampaio, 25 de xaneiro de 2009**

**Queridos papá e mamá:**

**Un policía de Pontevedra veu ao noso cole para explicarnos algunhas normas de seguridade vial.**

**È moi importante cumplir as normas de circulación para que non se produzan accidentes.**

**Moitas persoas están tristes despois dun choque ou un atropelo, porque algún familiar morreu ou está ferido no hospital. Se non houbese accidentes seríamos todos máis felices, por iso quérovos dedicar este poema. Para que o aprendades e recordedes sempre:**

**Son un tío molón**
**porque circulo con precaución.**

**A seguridade vial**
**é o principal.**

**E cando teño que viaxar**
**o importante é chegar.**



**Saúdos. Unha forte aperta.**

**Nicolás C. S.**

*A Redacción*

# A MIÑA RÚA




A rúa do meu barrio
é unha rúa especial.
Sempre que volvo a casa
tópome algún animal.

Sen ir mais lonxe o outro día
agochada baixo un rosal
había unha serpe enroscada
a miña mai, case lle da mal.



Ourizos topo as veces
cando chega o verán.
No inverno rás e píntegas
aos que lle ladra o meu can.



Convídovos a visitarme
e levareivos das mans
pode que a próxima volta
topemos un liscrán.

Nicolás





# Día das Letras Galegas 2009



①

Estudou o Bacharelato en LUGO.
Traballou nun comercio de SARRIA (OFICINISTA) a lectura de "El pueblo Gallego espertou nel interese pola POLÍTICA e a CULTURA GALEGA. Relacionouse con outros mozos en LUGO e participou na fundación de MOCIDADES GALEGUISTAS das que chegou a

②

Ser presidente, Coñece a CASTELAO Alexandre BÓVEDA e a outros galeguistas. En 1.936 tivo que participar na GUERRA civil (1.936-1.939)

③

ó remate da guerra inicia os ESTUDOS. de FILOSOFÍA e LETRAS en Santiago de COMPOSTELA. En 1.946, exíliouse a PARÍS por REPUBLICANO. Estivo no CÁRCERE de ALCALÁ de HENARES durante 3 anos.

④

En 1.950 participou na fundación da EDITORIAL GALAXIA (1º DIRECTOR LITERARIO) na colección: GRIAL publicou "Significado METAFÍSICO DA SAUDADE"

(5)

En 1956 participa na creación do PARTIDO SOCIALISTA GALEGO

(6)

En 1967 ingresou na REAL ACADEMIA GALEGA e defendeu a IMPORTANCIA da lingua como SINAL DE IDEN-TIDADE DUN POBO.

(7)

En 1970 cofundou con outros galeguistas o grupo: "REALIDADE GA-LEGA" para defender que GALICIA tivese un ESTATUTO DE AU-TONOMÍA en igualdade de condicións co as outras comunidades.

Na (1.981-1985) 1º LEXISLATURA foi DEPUTADO independente polo Partido Socialista Galego no PARLAMENTO GALEGO

# PROGRAMACIÓN CULTURAL "DÍA DAS LETRAS GALEGAS"

*Alumnado de 6º*
*Aula de Informática*



Veu de visita a escritora **An Alfaya** e fíxonos unha interpretación do seu conto *"Buguina namorada"*.

Que ben o pasamos!



Fixemos interersantes experimentos e aprendemos a confiar un poco máis nos nosos compañeiros, grazas aos monitores de **Ciencia Divertida** e os seus xogos



Cos monitores do **Instituto de Estudos Galegos "Padre Sarmiento"** xogamos a ser arqueólogos profesionais




**Pepe Carreiro** explicou cos seus debuxos a Guerra da Independencia e a Batalla de Ponte Sampaio.



O contacontos, **Manolo Solla**, animou aos máis pequenos coas súas historias e divertidos xogos



**Benxamín Míguez** amosounos os segredos da Odisea e os seres mitolóxicos





Viaxamos ao **Museo de Arte Contemporánea** (MARCO), en Vigo e ao **Museo Provincial de Pontevedra**. Explicáronnos a importancia que teñen os museos e o que se garda neles.

## RELACIONA: LETRAS CON NÚMEROS

# ADIVIÑAS

# TRABALINGUA

1


4


A
Branco coma o papel
e rompe coma o cristal,
todos o poden abrir,
ninguén o pode pechar.

B
Verde na terra,
branco na artesa,
quente no forno,
gordo na mesa.

| | |
|---|---|
| A | 1 |
| B | 2 |
| C | 3 |
| D | 4 |

2


C
O ceo está nubrado.
Quen o desennubrará?
O desennubrador que o desennubre,
bo desennubrador será.

D
Con el falas e escóitante
e con quen falas ti non ves.
Ten mil cores e mil formas
¿Saberíasme dicir o que é?

3


Alumnado de 2º curso

# PEQUENOS LECTORES

Este ano lemos moitos libros.
Aquí tedes algún dos debuxos que fixemos.
Esperamos que vos gusten.



















Nenas e nenos de
1° de E. Primaria


PARK
ANIMALS
North America Europe Asia
BEAR
GORILLA
Africa, Asia South America
LION
Africa
The Arctic
ANIMALS
PENGUIN
The Antarctic
POLAR BEAR
RHINO
ZEBRA
Africa and Asia
_Where do they live?
_What do they eat?
- Are they in danger of extinction?


infantil 5


E. Infantil 4 anos
ABRIL
MATIAS
LUCAS
XULIA
IAGO
MARTA
CANDELA




*Alumnado de E. Infantil 3 anos*

# PARA APRENDER

**1.-** Escribe o nome da muller que nos conta, en viñetas, a Batalla de Ponte Sampaio.

**2.-** Copia a primeira estrofa do **POEMA DO BICENTENARIO.**

**3.-** **D. Xosé Carlos del Valle Pérez** é o actual



a) Presidente da Deputación.
b) Director do Museo de Pontevedra.
c) Alcalde de Soutomaior.

**4.-** Quen foron os invitados na festa de entroido do colexio, segundo nos contan os alumnos e alumnas de 2º curso?

**5.-** Relaciona



Galileo Galilei

A Terra xira arredor do Sol.



Charles Darwin

Os seres vivos evolucionan a través do tempo.

**6.-** Cales foron as primeiras palabras de Neil Amstrong ao pisar a Lúa?

**7.-** Que escritor é considerado o mestre do relato de terror e de misterio?

**8.-** Escribe o nome destes dous coñecidísimos personaxes de cómic.





**9.-** Completa esta estrofa:

*Inquebrantable, é a profunda*
*lei dos meus soños,*
*é coma un hastío arcoiris sombrío*

**10.-** Escribe a mensaxe SMS que máis che guste.

**11.-** Cal foi o autor homenaxeado no Día das Letras Galegas 2009?



**12.-** Que escritora visitou o noso centro, na semana cultural.



a) Rosalía de Castro.
b) Estela D´Angelo.
c) An Alfaya.

**13.-** Copia o titular da noticia que fala da educación vial.

**14.-** Que obxecto figura no medio do selo oficial do Concello de Cotobade. Debúxao.

**15.-** Lembras como se chaman as monitoras que acompañaron aos de 3º e 4º na súa acampada do Grove?

# A BATALLA DE PONTE SAMPAIO

**O último enfrontamento, en Galicia, entre as tropas españolas e francesas tivo lugar os días 7 e 8 xuño de 1809, nas beiras do río Verdugo**




**A** Batalla de Ponte Sampaio foi un choque bélico entre unha forza conxunta de tropas regulares españolas e milicias populares galegas que se enfrontaron ás tropas francesas dirixidas polo mariscal Ney, un veterano militar que nunca perdera batalla. Sucederon os combates entre os días 7 e 9 de xuño de 1809, no escenario da Guerra da Independencia española.

A resistencia dos galegos, impediu a Ney o paso do río, véndose obrigado a partir en retirada. Esta célebre batalla puxo punto e final á presenza francesa en Galicia, despois de cinco meses de ocupación.

**Nesta famosa batalla quedou definitivamente derrotado o Sexto Corpo do Exército francés que, baixo o mando do mariscal Ney, tiña como misión pacificar e someter Galicia á obediencia de Bonaparte.**



Pablo Morillo y Morillo
"O león de Sampaio"



Michel Ney, duque de Elchingen
"O valente dos valentes"

***"Se a data do 2 de maio de 1808 simboliza para España a Guerra da Independencia, é, en Galicia, a Batalla de Ponte Sampaio a que se toma como referencia da loita sostida no noso territorio contra as tropas invasoras , que significou a derrota e expulsión do exército francés."***





***"Cuando cruces Ponte Sampaio, detente y escucha el espíritu de los gloriosos labriegos, que lucharon por la independencia de la Patria"***



**La Batalla de Ponte Sampaio, uno de los episodios bélicos de mayor trascendencia de cuantos se vivieron en Galicia durante la Guerra de la Independencia**

**E**l último enfrentamiento armado entre gallegos y franceses ocurrió entre los días 7 y 9 de junio de 1809, a orillas del río Verdugo. Las fuerzas españolas, integradas por tropas regulares y milicias populares, se atrincheraron en la ribera sur con la intención de detener el avance del Cuerpo de Ejército mandado por el mariscal Ney

En repetidas ocasiones y por diferentes lugares intentó éste, sin éxito, cruzar el río, toda vez que el puente había sido cortado en varios de sus arcos.

El día 9, Ney convocó consejo de sus oficiales y decidió la retirada. Sus tropas se reunieron en Lugo con las de Soult y juntos abandonaron Galicia en julio de 1809.

**"Este choque supuso la definitiva evacuación de Galicia por parte del ejército napoleónico"**

## PARA VISITAR



Lápida conmemorativa
Iglesia parroquial - Ponte Sampaio

Con motivo de la conmemoración del primer centenario y a objeto de rendir homenaje a los "héroes de Ponte Sampaio", el Centro Gallego de Madrid acordó la colocación de una lápida en el lugar de los hechos y un monumento en Pontevedra *"que recuerde al labriego de dicha provincia, verdadero héroe de la memorable batalla"*.



Monumento a los Héroes de Ponte Sampaio
Plaza de España - Pontevedra

**Las dos esculturas, financiadas por suscripción popular, son obra del artista asturiano Julio González Pola**

### LA BATAILLE DU PONT SAMPAIO

**L**a bataille du pont de Ponte Sampaio fut un affrontement qui opposa une alliance de troupes régulières Espagnoles et de milices populaires Galiciennes aux troupes Françaises dirigées par le Maréchal Ney. Celle-ci se déroula entre le 7 et le 9 Juin 1809, dans le cadre de la Guerre d'Indépendance Espagnole. La résistance des Galiciens empêcha le maréchal Ney de passer le fleuve, l'obligeant ainsi à se retirer. Cette célèbre bataille mit fin à la présence française en Galice, après cinq mois d'occupation.

***«Cette fameuse bataille représente la défaite définitive du sixième corps de l'armée Française qui, sous le commandement du marechal Ney, avait pour mission de pacifier et soumettre la Galice à l'obéisance de Bonaparte».***

### A BATALHA DE PONTE-SAMPAIO

**A** Batalha de Ponte-Sampaio foi um choque bélico entre uma força conjunta de tropas regulares espanholas e milicias populares galegas que enfrentaram as tropas francesas comandadas pelo Marechal Michel Ney. Ela teve lugar entre os dias 7 e 9 de Junho de 1809, no palco da Guerra de Independência Espanhola. A resistência dos galegos impediu Ney de atravessar o rio, vendo-se obrigado a retirar. Esta célebre batalha pôs fim à presença francesa na Galiza, depois de cinco meses de ocupação.

***"Nesta famosa batalha ficou definitivamente derrotado o Sexto Corpo do Exército Francês que, sob o comando do Marechal Ney, tinha como missão pacificar e submeter a Galiza à obediência a Bonaparte"***

### THE BATTLE OF PONTE SAMPAIO

**T**he battle of Ponte Sampaio was a military clash between the joint forces of Spanish regular troops and Galician popular militias who confronted the French troops led by marshal Michel Ney. It took place between the 7th and 9th June 1809, in the scene of the Peninsular War or Spanish War of Independence.The Galicians' resistance prevented Ney from crossing the river, and he was forced to retreat. This well-known battle brought an end to the French presence in Galicia after five months of occupation.

***"In this famous battle the 6th Corps of the French army, which under the command of marshal Ney had the mission of pacifying and subjugating Galicia to Napoleon's obedience, was completely defeated".***

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E O.U.
CEIP DE PONTE SAMPAIO

# A VOZ do VERDUGO

Sábado, 6 de xuño de 2009 | Redacción: E.N.D.L. CEIP de Ponte Sampaio | Nº 2

# Bicentenario da Batalla de Ponte Sampaio

## A Invasión Napoleónica

A comezos do século XIX, Francia e tamén España estaban en guerra contra Inglaterra.
Napoleón Bonaparte decide invadir Portugal, aliado do país saxón.
España autoriza os paso das tropas francesas polo seu territorio.
Sucede entón que estas ocupan importantes cidades españolas como Burgos, Salamanca, San Sebastián, Barcelona ou Madrid. Estes feitos desencadearon a chamada "Guerra da Independencia" e, diante dun inimigo común, España, Inglaterra e Portugal unen as súas forzas.
Aquel espallamento francés chegou a Galicia ao principiar 1809.
O exército invasor tomou con relativa facilidade as principais urbes galegas: A Coruña, Santiago, Pontevedra, Ferrol, ... Vigo foi a última, entregada a finais de mes.

## Axiña se organiza a resistencia en Galicia

Pero Galicia non sabe resignarse a ser vencida e axiña comezar a resoar os primeiros gritos de independencia, organizándose en vilas e parroquias, partidas de voluntarios e voluntarias, **"as alarmas"**, co obxecto de desenrolar unha *"guerra de guerrillas"* para ir minando paseniñamente a perfecta organización do exército napoleónico.
A finais do mes de marzo foron recuperadas as prazas de Vigo, Pontevedra e Tui.
Un mes despois, os mariscais Ney e Soult, reunidos en Lugo, acordan unha estratexia conxunta para dominar definitivamente Galicia:
*"A existencia dos habitantes desa turbulenta provincia, é incompatible coas miras do Gran Emperador e coa tranquilidade de España, o exemplar castigo ao que se teñen feito acreedores conterá no seu xusto deber ás demais provincias da península española".*

## As "alarmas", un pesadelo para o exército napoleónico



Non eran tropas regulares, nin forzas previamente organizadas. Eran unidades pequenas formadas por aldeáns na súa maioría; xentes de moi diferente categoría: homes, mulleres, curas, frades, abades, ricos e menesterosos, dispostos, todos a unha, a defender as súas vidas e os seus fogares. A maioría portaban por toda arma eixadas, chuzos, bisarnas, sachos, fouces e outros apeiros de labranza; e os menos, pistolas, trabucos ou fusís, de moi diversa procedencia. Estaban dirixidas, normalmente, por un crego, un militar retirado, un fidalgo ou persoa notable da localidade.
*"Esta provincia - escribía Soult - está en continua fermentación ... Os soldados vense expostos a perecer de miseria ou aos golpes dos paisanos; pois, sendo o sistema destes acometer incesantemente e evitar un ataque xeral, virían co tempo a gastar o máis forte exército, e en caso de non acharse sostido, acabarían por destruilo sen necesidade de combate."*

## O enfrontamento entre as tropas españolas e francesas tivo lugar os días 7 e 8 de xuño de 1809



**Nesta famosa batalla quedou definitivamente derrotado o Sexto Corpo do Exército francés que, baixo o mando do mariscal Ney, tiña como misión pacificar e someter Galicia á obediencia de Bonaparte.**

Coa intención de recuperar Pontevedra e Vigo , Ney saíu da Coruña, pasando por Santiago, ao mando duns 8.000 infantes e 1.200 xinetes, con 13 pezas de artillería. As tropas españolas, ao mando do Conde de Noroña, esperaron o avance de Ney en Ponte Sampaio, que era paso obrigado no camiño entre Pontevedra e Vigo. A defensa por mar, na desembocadura do río Verdugo, foi encomendada ao alférez de navío D. Juan O´Dogherty, que mandaba tres lanchas cañoneiras.
Ás forzas de liña do conde uníronselle diversos batallóns de milicias populares das comarcas cercanas e, incluso, de lugares afastados como Lemos. Eran uns 10.000 combatentes, armados de todas armas, ferramentas e útiles de campo, defendidos por unhas baterías montadas con cinco vellos canóns, *quizais tamén canóns de pau*, e uns improvisados atrincheiramentos.

**"Formouse, con barcas, unha improvisada ponte para o paso das tropas e bagaxes toda vez que Morillo, xa no mes de marzo, dera orde de cortar a ponte de pedra en tres arcos, co obxecto de opor, neste punto, tenaz resitencia ao enimigo"**

Foron defendidas dúas pontes: a de Caldelas, baixo o mando de Pablo Morillo, e a propia de Sampaio, polo mesmo conde de Noroña.
O día 7 de xuño de 1809, as tropas de Ney chegaron a Ponte Sampaio. Tentaron cruzar a Ponte en sucesivos ataques frontais, que foron rexeitados. Buscaron os franceses, entón, vaos apropiados no río, pero os ataques foron infructuosos unha e outra vez. As tentativas sobre a ponte de Caldelas, mostraron a mesma determinación dos españois.
No día 9 Ney xulgou, polas perdas, que serían inútiles novos ataques, polo que deu a orde de retirarse a Compostela.
Nesta acción perderon a vida máis de setecentos franceses. As baixas españolas pasaron de cen.

***"Este fue el primer día de fortuna que lució a España después de cinco meses de desastres".***

Proclama del día 10 de Julio de 1809
Junta Suprema Gubernativa del Reino

**"ESTA ACCIÓN COLOSAL MARCOU A HORA DO COMEZO DA EVACUACIÓN DAS TROPAS FRANCESAS DE GALICIA E O DECLIVE DA ESTRELA DE NAPOLEÓN, APODADO O "CAPITÁN DO SÉCULO".**

## Misiva asinada pola condesa de Pardo Bazán

**P**róxima a conmemoración do **I CENTENARIO**, o *Centro Gallego de Madrid* presidido por D. Eduardo Vincenti e sendo presidenta honoraria a ilustre escritora coruñesa Dna. Emilia Pardo Bazán, en carta datada o **6 de novembro de 1908**, insta a tódolos galegos a tributar homenaxe de recoñecemento aos valentes paisanos e soldados, homes e mulleres que, en Ponte Sampaio, se enfrontaron ao exército francés.


Editado por el Centro Gallego de Madrid el 6 de noviembre de 1908

MISIVA FIRMADA POR LA CONDESA DE PARDO BAZAN

A LOS GALLEGOS

A tal fin acordan a realización dunha subscrición popular co obxecto de colocar unha lápida de mármore en Ponte Sampaio (lugar dos feitos) e un monumento en Pontevedra (capital da Provincia), que represente a tódolos concellos que participaron na contenda.

### Fragmentos da carta "A LOS GALLEGOS"

**Un puñado de labriegos, de soldados y unos cuantos estudiantes procedentes del honrado Batallón de Literarios de Santiago, libraron gloriosas batallas contra las huestes de Napoleón** en Puente Sampayo los días 7 y 8 de junio de 1809, y con su heroísmo terminó en la región galaica, y puede decirse en España, el poderío del invasor.

**Puente Sampayo es una página viviente de gran honor para Galicia y España; es un hecho tan digno de ser recordado comko los más de Zaragoza, Cádiz, Bailén y otros muchos en que se retrata el indomable valor de la nación española.**

El Centro Gallego del Madrid, haciéndose intérprete del deseo de todos sus socios y de la región que representa, **dispónese a cumplir el muy grato deber de tributar el justo homenaje a los héroes** de Puente Sampayo, y a este fin, acordó colocar una lápida de mármol en el sitio que tuvo lugar la admirable epopeya y un monumento en Pontevedra, que recuerde al labriego de dicha provincia, verdadero héroe de la memorable batalla. De este modo las generaciones venideras comprenderán el aprecio en que la presente tiene el valor y heroísmo de aquellos mártires de la Patria.

Para el cumplimiento de lo acordado, el Centro Gallego inicia con 1.000 pesetas una subscripción de carácter público entre los gallegos y amantes de Galicia ...

## O Monumento aos Heroes inaugurado o domingo, 27 de agosto de 1911

O xornal *El Diario de Pontevedra* recolle na portada da súa edición do **sábado, 26 de agosto de 1911**, a noticia da inauguración do Monumento ubicado na Praza de España, en Pontevedra. Podemos ler:




PUENTE SAMPAYO

**LA FECHA DE MAÑANA**

**"Es mañana la fecha señalada para el descubrimiento del monumento de Puente Sampayo. Registremos este acontecimiento como una página memorable para nuestro pueblo, ...**
**Cumpliendo un deber de alta justicia consignemos aquí el reconocimiento que se debe a cuantos trabajaron en esta patriótica empresa. El nombre de nuestro querido diputado Excmo. Sr. D. Eduardo Vincenti, va en primera línea, porque a su iniciativa y a sus perseverantes trabajos se debe el monumento. El Centro Gallego de Madrid, el Ayuntamiento de Pontevedra, el señor Conde de Cartagena, el ilustre escultor Pola y la comisión fomentadora de la suscripción con su secretario Torcuatro Ulloa.**
**...**
**Pontevedra tendrá desde mañana en su punto más céntrico un monumento grandioso que sirva de enseñanza a las generaciones que pasen ..."**

## Lápida conmemorativa e monumento aos heroes de Ponte Sampaio, obras do escultor asturiano Julio González Pola



Julio González-Pola y García nace en Oviedo en 1865, no seo dunha familia de militares. Inicia a súa carreira artística na *Escuela de Artes y Oficios* de Oviedo e, en Madrid, continúa na *Escuela de Pintura, Escultura y Grabado*, onde estudou co mestre Juan Samsó.

Julio González-Pola desempeñou varios cargos culturais, como a vicepresidencia do *Círculo de Bellas Artes* e a secretaría da *Sociedad de Pintores y Escultores*.
González-Pola falece en Madrid el 11 de maio de 1929.

*..."Acaso este triunfo haya influido en que la obra de González Pola tienda a la exaltación de las virtudes patrióticas. El heroísmo, la abnegación, el valor, son simbolizados por él de una forma ajustada que, en ocasiones, llega a ser genial".*

### Sabías que ...



No escudo do concello de Moaña, que foi aprobado pola corporación municipal desta vila o 17 de xaneiro de 1951, figura unha ponte arquitrabada de tres arcos, rota pola parte central, que simboliza a participación dos veciños da vila na batalla de Ponte Sampaio, durante a Guerra de Independencia.

### Lápida de mármore




Insertada no muro do adro da igrexa parroquial Santa María de Ponte Sampaio, atópase a lápida conmemorativa, de mármore branca, na que figura gravada a seguinte inscrición:

*homenaje*
*a los heroes*
*de*
*PUENTE*
*SAMPAYO*

7 y 8 JUNIO 1809

EL CENTRO GALLEGO DE MADRID
SIENDO SU PRESIDENTE EL EXCMO.
SR. D. EDUARDO VINCENTI • *1909*